

O camiño das estrelas

XULIO VALCÁRCEL

xulioval@gmail.com



Desde tempos inmemoriais, a visita a Fisterra ofrece un potente e misterioso magnetismo.

A Vía Láctea formouse co po que levantaron milleiros de peregrinos de camiño á tumba do Apóstolo. Iso di a lenda, sempre máis fermosa que a propia realidade. Compostela é, con Roma e Xerusalén, lugar referencial da cristiandade, aínda que hoxe en día os aspectos sociais, lúdicos, culturais e económicos superen aos relixiosos. Fisterra aparece como un complemento necesario.

Detrás de "O camiño das estrelas" (Lastura, 2021) estivo Antonino Nieto Rodríguez. Artista multifacético, Antonino axuda á nosa visibilidade. É ben sabido que as culturas periféricas non existen para o cego centralismo que, como no verso de Machado, "desprecia cuanto ignora". Nese ermo de indiferenza e desinterese, Antonino eríxese nun oasis de cordialidade e de integración. Non é esaxerado cualificalo de embaixador da literatura galega en Madrid, propiciando a presenza de escritores galegos en publicacións e traballos colectivos. Neste caso, unha ampla nómina de escritoras/es e artistas plásticos conforman un volume no que sobresaen nomes como os de Antón Patiño entre os artistas do pincel e Manuel Rivas entre os da pluma. A destacar tamén o suxectivo deseño de Yanet Ruíz.

Cabo de Antonino Nieto cómpre citar aos outros coordinadores: Pascual Casañ, Manuel Fortes Pérez, Amparo Sánchez Ribes e Mila Villanueva (vocal de cultura del Centre Gallec de Valencia) que se encargaron de levar a ramo unha proposta auspiciada pola Xunta de Galicia, o Centro Galego de Valencia e os Amigos do Camiño de Santiago daquela Comunidade. Un camiño, en verdade, máis literario e ficcional que real na súa constancia física. A ruta parte de Valencia e pasa, idealmente, entre outros lugares, por Albacete, El Toboso, Quintanar de la Orden, Ávila, Medina del Campo, Toro, Monbuey..., entra en Galicia pola Gudiña, Laza, Ourense, chega a Santiago e remata en Fisterra. Espazo físico e referencia simbólica, metonimia da propia Galiza, non sempre utilizada en sentido positivo.

"Viaxeí ao retirado fin último da terra, visitei o santuario no pé do acantilado, pola auga dos teus ollos continuaba salgado/ daquela dor inmensa que a min ben se me aferra", escribe Miro Villar. Aventura, esforzo, sacrificio..., son outras tantas vivencias

que deitan os colaboradores desde diferentes enfoques, estilos e sensibilidades. Testemuñan uns experiencias propias, sitúanse outros no lugar de personaxes reais ou imaxinarios, mais todos coinciden en considerar o "camiño" unha vía de coñecemento, de intercambio de ideas e costumes, de ofertas e de descubrimentos.

Enfoques

A cuestión radica en estar abertos ao descoñecido, á incerteza que se erixe en norte da existencia, sen

nada ao que aferrarnos e mesmo sen ningún lugar a onde ir. Vagar demorado de aquí para aló sen outro rumbo que o determinado polo azar ou pola oportunidade. Lonxe do fogar, dos traballos e dos compromisos, tantas veces cárceres opresivas, o camiñante exerce a súa liberdade con plena disposición do seu tempo e da súa vontade.

Sentindo os propios pasos, integrándose na natureza, ollando os ceos que carecen de fronteiras e desprezan exércitos.




Ilustración de Gosia Trebacz | CEDIDA